

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 30 de maio de 2022 (PLENO 05/2022)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución nº 1588/2022 de 25 de maio, e de acordo co previsto no art. 3.2 a) do R.D. 128/2018, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Sala de Plenos do concello de Carballo o **día 30 de maio de 2022 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Sesión

Data da sesión: 30-05-2022
Hora: 20:30 h.

1.- Acta da sesión anterior (25/05/2022). Aprobación.

2.- **Anexo de expropiacións do anteproxecto para a execución da obra hidráulica de remodelación integral do parque de San Martiño - construción de motas de protección fronte ás enchentes, prevista no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área de con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 24/05/2022).**

3.- **Protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o concello de Carballo para o mantemento das sendas peonís na AC-552 e outros elementos do dominio público viario. Aprobación. (CIPUM de 24/05/2022).**

4.- **Modificación Puntual do PXOM de delimitación de núcleo rural nº 2, no lugar do Monte. Aprobación provisional. (CIPUM de 24/05/2022).**

5.- **Regulamento municipal dos servizos bibliotecarios do concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIBPS de 24/05/2022).**

6.- **Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000002848 do 29 de abril, para elaborar unha estratexia municipal contra a soidade non desexada. (CIBPS de 24/05/2022).**

7.- **Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 20229000002975 do 5 de maio para crear o “Recuncho do xadrez”, así como para celebrar o día mundial e promocionar o xogo. (CIBPS de 24/05/2022).**

8.- **Moción do grupo municipal do Partido Popular, rexistro de entrada n.º 202299900002042 do 18/05/2022, sobre Bonificacións no IVTM a vehículos ECO e 0 emisións. (CIFECRIC de 24/05/2022).**

9.- **Moción do grupo municipal do PP, rexistro 202299900002043 de 18/05/2022 para incentivar o uso vehículos “eco” e “0 emisións”. (CIFECRIC de 24/05/2022).**

10.- Seguimento de órganos de goberno:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000005

10.1.- Informe de Intervención e Tesourería do cumprimento da lei 15/2010 do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004 do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao primeiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

10.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do primeiro trimestre de 2022. Toma de coñecemento.

10.3.- Resolucións da Alcaldía

10.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

10.5.- Rogos e Preguntas

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villan Fuertes